



Concello de Oia

Expediente núm.: 21/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Prórroga do Orzamento

Data de iniciación: 08/01/2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Constatado que a 01.01.2019 o concello de Oia non tiña tramitado orzamento municipal para 2019, resulta automaticamente prorrogado o ultimo orzamento vixente, por aplicación do previsto no artigo 169.6 do T.R. 2/2004 da Lei de Facendas Locais.

Considerando o informe de Intervención de data 08.01.2019, sobre a prórroga para o ano 2019 do ultimo orzamento municipal vixente que é o de 2017.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría-Intervención e de conformidade, co establecido nos artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.4, segundo parágrafo, do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Ordenar se formalice a prórroga do Orzamento do exercicio 2017, ata o importe dos seus créditos iniciais de acordo co anexo I, non prorrogándose os seguintes créditos do estado de gastos:

- ❖ Os consignados no capítulo 6 de gastos, sen perxuízo das incorporacións de créditos que puideran efectuarse, coas unicas excepcións que siguen:

1532-61900	Plan marco; aportación municipal	10.000,00 €
165-61900	Actuacións de aforro enerxético	12.500,00 €

- ❖ Os consignados no artículo 48 (transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro), reguladas en bases de execución, como subvencións nominativas, ante a renuncia reiterada dos beneficiarios a solicialas, co seguinte detalle:

334	48	Asociación Virxe do Rosario de Torroña:	200,00 €
334	48	Asociación cultural comisión de reis de Mabilia :	200,00 €
334	48	Asociación de gandeiros Monte da Groba (Currso Mougás e Torroña);	800,00 € .

- ❖ Os consignados no capitulo 9, concretamente la partida 011 913 do orzamento municipal destinado á financiación de cotas de amortización de préstamos concertados co sector privado, ante a inexistencia de cotas de amortización pendentes para 2018.

- ❖ Os consignados no capítulo 4, concretamente na partida 920 466 (transferencias a outras entidades que agrupen municipios), trala marcha



Concello de Oia

do concello de Oia da mancomunidade intermunicipal do Baixo Miño en 2017.

SEGUNDO.- A prórroga do orzamento do exercicio 2017 produce efectos desde o día 1 de xaneiro de 2019 e ata a entrada en vigor do Orzamento definitivo para 2019 e procederáse a publicación do expediente completo de prórroga no taboleiro de anuncios da entidade local e no portal de transparencia na sede electrónica do concello de Oia, debendo ser remitido ao Ministerio de Hacienda, cando esté operativa a plataforma informática a tal fin.

En Oia a 8 de xaneiro de 2019

A Alcaldesa
Asdo Cristina Correa Pombal
*Asdo dixitalmente á marxe